

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “YOU WIN” EN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con **SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 03 de novembro de 2016 ao 13 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión temporal a título gratuito de espazos para a celebración do YOU WIN na Cidade da Cultura de Galicia.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.



Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do cultura galega en xeral e do Emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuir á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN SL (en adiante SER) é a organizadora de YOUWIN, un evento multitudinario que oferta aos usuarios actividades culturais de toda índole, como as musicais onde conta coa colaboración de Los 40, e



contará con multitude de zoas temáticas relacionadas co ocio dixital e o mundo dos videoxogos. O evento está dirixido a un público xeral, xa que conta con actividades dirixidas a públicos infantís, xuvenís e adulto.

Resulta de interese para a Fundación, que este evento multitudinario, celebrado xa en outras cidades españolas, se celebre agora en Santiago de Compostela, promovendo a afluencia de numeroso público; así mesmo, dada a temática do evento e o promoción das novas tecnoloxías, e en cumprimento dos fines sociais, resulta de interese para a Fundación que YOU WIN se celebre na Cidade da Cultura de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

*Beatriz González Loroño  
(asinado dixitalmente)*

